



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA VINTE E OITO (28) DE SETEMBRO DE 2023

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 19:33 h. do día 28 de setembro de 2023, ten lugar sesión extraordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D. Ramón Maceira Giadanes.

GRUPO MUNICIPAL “POPULAR” (P.P.)

- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D^a Vanesa Domínguez de la Iglesia.
- D. Jorge Platas Casal.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.
- D. Jaime Cástor Núñez Cartelle.

GRUPO MUNICIPAL “SOCIALISTA” (PSdeG-PSOE)

- D^a M^a Carmen Acuña do Campo.
- D. Jesús Fernández Díez.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- D. Iván Roca Cruz.

Asiste D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello e faise constar que está tamén presente o interventor accidental, D. Vicente José Calvo del Castillo.

Antes de iniciar a sesión o alcalde, D. **Ángel García**, sinálalles á voceira e ó concelleiro do grupo municipal “Socialista” que están a ocupar uns asentos que non lles corresponden ó terlle notificado con anterioridade a súa distribución. De feito, onde está sentada a voceira do grupo “Socialista” correspóndelle ó voceiro do BNG





CONCELLO DE
OLEIROS

debéndose sentar no escano que está a ocupar o seu compañeiro concelleiro, téndose que se desprazas éste ó escano que estaría mesmo detrás do que debe ocupar a voceira do grupo “Socialista”, polo que solicita que se senten nos seus sitios.

Por unha custión de orde solicita a palabra a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que presentaron un escrito onde manifestaban o seu desacordo coa decisión de asignación de asentos ós membros dos grupos da oposición, porque esa asignación pantasma chegoulles cunha fotografía na que se podían ver os asentos a ocupar no salón de sesións.

A isto ten que dicir que non pensan acatar ningunha orde que non estea baseada na lei, un documento que non asina ninguén e que só ten por obxecto dificultar aínda máis o desenvolvemento do seu traballo porque ¿Qué outra razón ten o alcalde para definir os asentos a ocupar neste salón de plenos polas concelleiras e concelleiros de Oleiros? Non esqueza que unha resolución arbitraria, inxusta, contraria ou fóra á lei, é unha prevaricación, por esa razón vanse manter nos asentos que ocupan.

Ante a petición do alcalde de que informase a min, **secretaria**, sobre a norma que lle outorga á alcaldía a potestade para asignar os asentos a ocupar polos membros da Corporación, manifesto que esta mesma mañán se lles contestou ó escrito presentado en canto á distribución remitida de asentos e baseada fundamentalmente na ausencia dunha norma que regulase esta situación dada, polo que atendendo á lexislación ordinaria e artigos que regulan a organización, dirección e demais das sesións plenarias e a competencia residual da alcaldía foi precisamente o que se comunicou esta mesma mañán...

Pregunta a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, ¿Quen ten esa compencia?, intervéñ o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que o que acontece é que si está recollido no art. 89 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que sinala que “Os membros da corporación tomarán asento no salón de sesións unidos ó seu grupo. A orde de colocación dos grupos determinarase polo presidente, oídos os voceiros...” requisito que aquí non se tivo en conta se segue dando lectura ó nomeado artigo: “..., tendo preferencia o grupo formado polos membros da lista que obtivera maior número de votos. En calquera caso, a colocación dos membros corporativos tenderá a facilitar a emisión e recuento de votos.”

É dicir, separar á xente o único que pode levar é a alterar o recuento de votos, perxudicando o labor da oposición, cuestión na que empezan a estar xa acostumados.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalándolle ó concelleiro do grupo “Socialista” que estaba a intervir que o PSOE xa estivo en anteriores corporacións e tiña dous concelleiros e un estaba diante e outro detrás, o grupo “Popular” xunto e se apreciaban perfectamente as votacións e remata de dicirlles a secretaria da corporación que se trata dunha competencia da alcaldía, que é quen dirixe o debate e as sesións plenarias, así que póñanse nos asentos asignados e por outra banda (dirixíndose á voceira do grupo “Socialista”) a partires de agora cando se





CONCELLO DE
OLEIROS

dirixa a él, agradecería que lle chame alcalde ou presidente e non sr. García, él neste pleno é o alcalde ou o presidente, pero non Sr. García, porque a lei tamén sinala que deben dirixirse ó alcalde ou presidente da corporación e para rematar, roga que se procedan a ocupar os escanos que se lles asignaron porque do contrario, vaise ver na obriga de chamarlles á orde e incluso chegar a ter que expulsalos da sesión.

Volve intervir o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que ten que disculparlle pero como se está nunha controversia de carácter xurídico haberá que utilizar os argumentos porque están no espazo de debate, que é o pleno da coproración e tódolos concelleiros da corporación teñen dereitos porque tamén foron votados pola veciñanza, igual que ó goberno municipal, e o regulamento orgánico municipal non sinala nada a este respecto, pero o ROF unha norma a nivel estatal, sinala aqueles aspectos con carácter supletorio que non recolle o ROM, polo tanto, ó non estar recollido o que ten que facer a alcaldía é reunir á xunta de voceiros e a partires de aí, escoitados, facer os cambios que quera facer ou, como se quere aprobar un novo ROM, apróbeo e se quere adicar o seu tempo a perxudicar o labor da oposición, fágao, pero tamén quedará claro para a veciñanza a que dedica o tempo, a fastidiar, non a facer cousas para mellorar...

Polo alcalde, D. **Ángel García**, sinálalle ós integrantes do grupo municipal “Socialista” que teñen que ocupar os asentos que lles corresponden segundo a distribución remitida e deixar sentar ó voceiro do BNG na ringleira de diante e o concelleiro do grupo “Socialista” pasar á ringleira de atrás.

Despois dun pequeno debate, a voceira e o concelleiro do grupo “Socialista” érguense dos escanos onde estaban sentados, permitindo que se sentase o voceiro do BNG no escano asignado, e o concelleiro do grupo “Socialista” sitúase na ringleira de atrás, tal e como se tiña comunicado e determinado con carácter previo á convocatoria desta sesión, advertindo novamente o alcalde á voceira do grupo “Socialista” que cando se vaia dirixir a súa persoa o faga de conformidade ó cargo que neste intre obtemta nesta sesión que é o de alcalde ou presidente da corporación, de non facelo así non lle dará uso da palabra.

Logo de comprobar que existe o quórum de asistencia esixido no art. 46.2.a) para que sexa válida a sesión, déixase constancia de que esta sesión foi convocada ó abeiro do art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e art. 17 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM), o alcalde a declara aberta.

De seguido, procédese a tratar o asunto incluído na orde do día proposto polos grupos políticos municipais “Popular” e “Socialista”, solicitantes da celebración desta sesión contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2023004666, de 20 de setembro, que son os seguintes:

Punto Único.- Análise e debate sobre os problemas de seguridade vividos este verán con especial mención ós sucesos acaecidos nas festas de Sta. Cruz.

Punto Único.- Análise e debate sobre os problemas de seguridade vividos este verán con especial mención ós sucesos acaecidos nas festas de Sta. Cruz

Ó se tratar dunha petición de celebración de sesión por parte dos grupos políticos municipais “Popular” e “Socialista” o alcalde, D. **Ángel García**, cede a palabra en primeiro lugar á voceira do grupo maioritario solicitante.





CONCELLO DE
OLEIROS

Inicia a quenda de intervencións a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que en primeiro lugar e quere que conste en acta a disconformidade do seu grupo pola convocatoria desta sesión plenaria e a solicitude ou aprazamento da mesma, ata que se lles aportase a documentación solicitada e que fose convocada novamente, preguntando si se vai admitir esta petición, respondéndolle o alcalde, D. **Ángel García**, que xa se lles contestou esta petición por escrito.

Segue coa súa intervención a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que conste logo en acta que están en desacordo coa convocatoria desta sesión ó se infrinxir o disposto na normativa vixente, engadindo que xa teñen constancia de que o alcalde non ten inconveniente en retorcer a normativa ós seus intereses.

Solicitan para o futuro que a documentación que se lle facilite ós grupos da oposición sexa con maior antelación ás sesións plenarias, dado que as cousas non se improvisan e aínda que esta sesión sí foi solicitada coa antelación suficiente, non así a súa convocatoria. Isto, sen dúbida, permitiría o labor dos membros dos grupos da oposición.

Xa saben que o alcalde despreza ó resto dos grupos políticos da corporación e que pretende facer sempre o que lle pete sen que ninguén lle diga nada, non lle gusta que o contradigan, pero lémbra-lle que contan coa mesma lexitimidade que o alcalde para velar polos intereses da veciñanza, o seu grupo tamén foi elixido pola mesma.

Insiste na falla de documentación, dado que a súa solicitude se lles contestou coa remisión de dous folios con respostas a unhas posibles preguntas que en ningún intre formularon e insiste en que solicitaron determinados documentos. Folios remitidos sen ningunha sinatura, sen carimbo ningún e que non avala ningún organismo.

Estas respostas nalgún caso consideran que tampouco responden á verdade, o que vai tentar clarexar ó longo desta sesión plenaria.

Convocan esta sesión plenaria o día de hoxe, cunha duración determinada de media hora e xusto antes da celebración do pleno ordinario, para que feitos dunha enorme gravidade queden no esquecemento e que se pase de puntillas sobre eles, pero o seu grupo vaille lembrar o acontecido, a veciñanza de Oleiros sábeo, como tamén as comisións de festas que o padeceron en primeira persoa, a súa falla de sensibilidade e compromiso, tamén por negligencia, desinterese, ou ambas.

Dito isto, gustaríalle facer público e felicitar o enorme traballo, esforzo, dedicación e altruismo de tódalas comisións de festas en todas e cada unhas das parroquias municipais e, en particular á de Sta. Cruz, que se viron involucrados nuns problemas que superou a súa capacidade, medios e a súa resposta. Sobre todo a súa responsabilidade e competencias porque sr. alcalde, a responsabilidade de garantir a seguridade da veciñanza de Oleiros e daqueles que os visitan nalgúns ocasións, é de seu.

Polo contrario vostede, como sempre, bóttalle a culpa ós demais; ós que veñen de fóra, o tipo de festexos que se organizan e o que é máis grave, bóttalle a culpa ás comisións de festas, sería un bo intre para que se disculpase.

O motivo da petición desta sesión plenaria é aclarar os graves incidentes ocorridos ¿Qué aconteceu nas festas de Sta. Cruz?; ¿Qué pasou nas diferentes festas parroquiais organizadas neste verán no concello? Que se viron grave e tristemente alteradas por trifulcas, altercados, batallas e problemas de orde pública, véxase o caso de Dorneda e o de Sta. Cruz.





CONCELLO DE
OLEIROS

Gustaríalles coñecer sr. alcalde ¿Cales foron os protocolos e medidas levadas a cabo polo concello coa fin de garantir a seguridade nestes festas? Tendo en conta que o número de visitantes previsto ¿Solicitou nalgún intre a colaboración da Delegación do Goberno para garantir a seguridade cidadá nestes eventos, que contaban con máis de 4.000 persoas nun so día, como foi o día de inicio das festas de Sta. Cruz?.

Despois dos altercados producidos ese primeiro día, xa anunciados en redes sociais con anterioridade, e ós que ó parecer non se lle deu a debida importancia ¿Qué medidas se tomaron para os demais días da festa? Polo que poden ver nese informe que se lles facilitou, insiste en que dun xeito informal, as medidas tomadas nos días seguintes ó primeiro non se viron modificadas respecto ás seguidas noutras festas cando cren que debería terse producido unha capacidade de reacción ante eses incidentes ocorridos o primeiro día, 18 de agosto.

Como saben o derradeiro día de festa, o dos “fuegos”, conta sempre cunha presenza multitudinaria, de moitas familias cos seus fillos, porque son as festas do pobo e como antes dixo, prevíase unha gran concentración de xente, ademais de que todos eran coñecedores dos feitos e incidentes acaecidos no primeiro día, polo que pregunta ¿Pode o alcalde aclarar o que se fixo para tratar de evitar a situación que ó final aconteceu? Xa contesta ela, os medios non foron suficientes, a previsión por parte municipal pareceu nula e a preocupación do alcalde, inexistente e ó xurdir problemas xa saben como actúa, culpar ós demais.

A presenza de medios necesarios e oportunos é unha medida disuasoria nestes eventos. Eficaz, porque permite poder actuar con prontitude e instantánea no intre no que se produce algún tipo de incidente, queren agradecer o labor e traballo dos efectivos policiais, tanto da Policía Local coma da Garda Civil e quere aproveitar este intre para demandarlle o que veñen pedindo desde xa hai moitos anos, déixese de demagogia en materia de seguridade e convoque máis prazas para ter un número de efectivos axeitado na Policía Local para a poboación de Oleiros.

Analizando a situación, segundo o informe facilitado que xa dixo que non víña avalado por ninguén, os efectivos postos a disposición en calquera festividade foron de 2 axentes para a festa e 2 de reforzo, para calquera día e calquera núcleo de poboación, agás nos días nos que se tiraban os “fogos artificiais” que se aumentaba en 1 efectivo de reforzo e para os casos de núcleos costeiros, 2 efectivos por mar.

No devandito informe detállase que nas festas de Dorneda, están presentes 4 axentes da Policía Local producíndose altercados, incluso peles, e viron como ó día seguinte aumentouse cun axente a maiores, descoñecen se estaba previsto ou foi produto do ocorrido, gustaríalles unha aclaración.

Nas festas de Sta. Cruz, sinálase que había 7 axentes da Policía Local o primeiro día que foi cando se produciron altercados entre bandas na zona da pasarela que vai ó Castelo de Sta. Cruz, anunciado en redes sociais citándose para pelearse e os axentes de seguridade estaban informados. Ese mesmo día, vendo a magnitude dos altercados solicitáronse reforzos e que nese intre non poideron ser enviados polas forzas de seguridade limítrofes, por unha falla evidente de previsión ou prevención.

Coñecendo que ese día íanse concentrar máis de 4.000 persoas no núcleo de Sta. Cruz ¿Por qué o alcalde non solicitou con anterioridade da Subdelegación do Goberno as medidas necesarias coa fin de garantir a seguridade cidadá? Ese día por desgraza, aconteceron feitos lamentables ó producirse feridos e un acoitelamento, que por





CONCELLO DE
OLEIROS

certo no informe remitido non figura, supoñen que se trata dun erro e tamén existe un cambio de data. Ó día seguinte, automentouse un axente da Policía pero os días seguintes redúcense dous, incluído o mesmo día dos fogos artificiais, día no que se produce un grave altercado no campo da festa, lembra que unha noite familiar, porque acoden pais, nais, fillos e fillas a disfrutar dos fogos, insiste en que no lugar onde se produciron os feitos, non nun lugar apartado ou escuro, no pleno campo da festa.

Eses altercados non foron simples peles de persoas pasadas de acohol senón de alguén que acode á festa coa intención de provocalos, porque acceden ó recinto con armas brancas e, incluso, con bates de béisbol. Estes feitos provocaron que a comisión de festas por responsabilidade, a que o alcalde non tivo, as dera por rematadas ante a imposibilidade de controlar a situación.

Entenden que os axentes da Policía Local non son anti disturbios, tampouco os membros da comisión de festas, pero víronse na obriga de intervir de boa fé para mediar en varias deses altercados por iso ¿Gustaríalles saber por qué o concello non contratou ou elaborou un plan de autoprotección e evacuación, supervisado pola Policía Local como se fixo nas festas de Lorbé e de Dorneda? Porque así se sinala no informe remitido, deixando no caso das festas de Sta. Cruz que esa responsabilidade recaese na propia comisión de festas.

Culpabilizan á comisión de festas da situación acaecida no seu comunicado e informe ¿Non lle dá vergoña? O alcalde debería estar a disposición daqueles colectivos e veciñanza que altruistamente adican tempo e esforzo a traballar para os demais, cando o que tiña que ter feito o concello é dotarlles de recursos para evitar o que ocorreu. Tamén sinalan no informe que se produciron algunhas agresións sexuais e lembra perfectamente como neste mesmo pleno debateuse sobre a instalación de puntos violeta e o goberno municipal contestou que existían en tódolos eventos municipais e a realidade foi que recaeu tamén este apartado sobre a comisión de festas que, por suposto, carecía de persoal cualificado, converténdose logo nun simple punto informativo e que estivo en funcionamento durante unhas horas determinadas, se de verdade queremos tomarnos isto en serio, un punto violeta debe ser máis que iso, como sempre, propaganda e autobombo.

Para rematar, volve agradecer ás comisión de festas o seu traballo, esforzo e compromiso, que fai posible que todos e todas poidan disfrutar das festas do noso pobo; ás forzas e corpos de seguridade do Estado e á Policía Local do concello o seu gran labor ó longo de todo o ano. Corríxase sr. alcalde, recoñeza que non se fixeron as cousas ben e que se poden mellorar, hai que poñerse a traballar e a disposición das comisións de festas de cara ás festas do verán que ven. De ser así, estarían traballando polo ben dos oleirenses e das festas que, de seguir así, rematarán por desaparecer ¿Qué vai facer o alcalde no futuro? ¿Cómo vai abordar esta cuestión para o ano que ven? ¿Qué se ten previsto? ¿Qué protocolos se teñen pensado poñer en marcha? Preguntan todo isto porque non acadaron a información solicitada no seu intre.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que quere empezar a sesión lamentando que tiveran que plantexar unha cuestión de orde antes de iniciar un debate tan importante como é o que se vai dar que ata orixinou a petición dunha sesión extraordinaria do pleno da corporación.





CONCELLO DE
OLEIROS

Un debate sobre o acaecido nas festas de Sta. Cruz e a resposta do concello ante esa problemática suscitada. Lamentan profundamente que teñan que utilizar o tempo da veciñanza nestas cuestións de orde provocadas porque o excelentísimo e todopoderoso sr. alcalde crese no dereito de saltarse ás leis ou usalas ó seu antollo, poñendo nun brete ós funcionarios municipais.

A cuestión de orde, como dixo tamén a voceira do grupo “Popular”, que pretenden poñer hoxe de manifesto é a denuncia de que o concello non aplicou axeitadamente os prazos que a normativa marca para esta convocatoria do pleno de hoxe. Cren que o alcalde obrigou á secretaría municipal a retorcer as leis e os regulamentos, levándoos a cometer unha irregularidade grave, coa fin de xuntar as dúas sesións plenarias. Recóllese incluso da propia resposta que lles fixo chegar a secretaría e na que se pode ler “a falla de seguimento do procedemento establecido no art. 17 do ROM non pode considerarse un vicio de nulidade...” polo que entenden que non se seguiu o procedemento, está bastante claro.

Pero o importante é ¿Por qué o sr. alcalde compromete así ós funcionarios municipais? O seu grupo pensa que é para tratar de diluir e esconder un debate que non lle interesa, ó considerar que lle pode perxudicar politicamente, pero a pesares de todo isto, o seu grupo vai darlle pulo a este debate aínda que só teñan 30 minutos para tratar un asunto para eles de enorme transcendencia.

Dito isto, vaise centrar no debate sobre o acontecido nas festas de Sta. Cruz e como se pode converter unha festa existosa e moi popular, na que por certo adoita participar toda a xuventude da localidade, nun conflito e nun punto de fricción e desafección debido á mala xestión dun alcalde.

En primeiro lugar, queren felicitar á comisión de festas de Sta. Cruz, recoñecer e agradecer o seu bo traballo, cada ano fano mellor e de aí que cada vez teñan unha maior resposta de público; grazas a todos e todas de parte do seu grupo dende o pleno de Oleiros e tamén desculpas polos erros e pola falla de solidariedade amosada polo Concello de Oleiros.

Grazas tamén por reaccionar rematando as festas antes de tempo para poñer freo ós violentos, foron os únicos que puxeron unha solución enriba da mesa ante esas lamentables circunstancias, porque o sr. alcalde limitouse a ver os problemas dende a barreira ou, se o prefiren, dende a terraza do Noa.

Queren tamén por suposto, solidarizarse coas vítimas, o concello nas respostas que lles remitiron ás súas preguntas sobre esta cuestión, recoñecen a falla de seguridade acontecida e, por certo, non saben quen contesta, nin en calidade de qué a esas preguntas feitas polo seu grupo municipal porque, nen sequera tiveron o detalle de asinar esas respostas, pero recoñecen que aínda que existen Xuntas Locais de Seguridade, istas non se reuniron para coordinar a seguridade nas festas, gustaríalles saber o por qué.

Recoñecen tamén nas respostas remitidas, que non se dirixiu ningún escrito, nin oficio á Delegación do Goberno pedindo reforzos coa fin de garantir a seguridade nas festas como por certo, si fixeron outros concellos limítrofes. Aseguran na súa resposta, que a propia Policía Local é a que planifica a distribución e funcións a desenvolver segundo o número de axentes dispoñibles, pois lamentablemente e a teor dos feitos parece que non foron suficientes para controlar ós violentos que se xuntaron para reventar as festas de Sta. Cruz. Sen embargo, si





CONCELLO DE
OLEIROS

chegaron para retirar coa grúa tódolos vehículos que estaban mal aparcados na zona da festa, como puideron comprobar as veciñas e veciños que pasaban por alí.

Tamén responden que non actuaron ante o macro botellón que se celebrou arredor do campo da festa, algo que pensa que se debe reconsiderar e analizar con profundidade e interese, pois precisamente foi neses espazos onde se rexistraron o maior número de actos violentos, despois xeneralizouse a violencia, pero pensa que aí foi onde se orixinou. Ademais, Oleiros conta cunha ordenanza que prohíbe o botellón, polo que haberá que facela cumprir.

Gustaríalles saber tamén que concellería foi a encargada de supervisar e revisar a instalación dun cadro eléctrico que levantou a ira do sr. alcalde.

Lamentan o horario tan escaso do punto violeta, por certo, non pode ser que as bandeirolas que anuncian a localización dese punto violeta se cheguen a colocar nas papeleiras e os contedores do lixo, un lugar inoportuno e que denota tamén unha falla absoluta de sensibilidade ante un tema que mata e dana á sociedade. Quedou moi clara a falla dunha instalación máis duradeira dese punto violeta, porque que sabían alomenos non se identificou un delito relacionado coa liberdade sexual porque é como un iceberg, si se detecta ou identifica un foi que se chegaron a producir máis.

O grupo político municipal “Socialista” entende que este debate debe server para cambiar a actitude amosada pola alcaldía ante as circunstancias que se deron durante as festas, porque en lugar de amosar unha actitude sensible ante os organizadores propondo propostas e solucións para evitar que isto volva ocorrer, vostede (dirixíndose ó alcalde) limitouse a arremeter con malas maneiras e modos contra a propia comisión de festas, que foi quen traballou e organizou estes días de lecer.

Gustaríalles que lles dixera o alcalde que foi o que fixo para asegurar a celebración das festas de Sta. Cruz e conclúe en que nada ou moi pouco, porque eso é o que se desprende das respostas remitidas ás preguntas formuladas polo seu grupo e menos que nada, segundo recolle a resolución que amosa e que define toda a realización de responsabilidades que asume a comisión de festas. Se nen sequera foi quen de informarlles á comisión de festas do número de servizos públicos a instalar; nen lles proporcionou seguridade viaria á procesión do ramo, non están a falar do “xacobobo”, falan da procesión do ramo.

Diga por qué se reforzou a seguridade noutras festas, pode citar Perillo ou Lorbé, e non a de Sta. Cruz; dígalles sobre todo, que é o que vai facer para o vindeiro ano coas festas de Sta. Cruz. Xa saben que é máis de merendiñas ou de ceas frías, que lles presta máis ó seu xogo político, pero é que á xuventude préstalle máis divertirse doutro xeito, non serve no 2023 o de “chegou o comandante e mandou parar”, pode ter moita gracia pero o diálogo e a colaboración dan mellores resultados que a falla de respecto, represión ou a prohibición. Non se cansan de pedirlle menos crispación e máis colaboración e remata xa facendo unha reflexión.

Toda a xuventude de Sta. Cruz participa nas festas e non só no disfrute, senón tamén na organización e desenvolvemento das mesmas e desde hai xa moitos anos, polo que xa é un orgullo; un sinal de identidade para a xuventude de Sta. Cruz, de verdade sr. alcalde ¿Quere vostede rematar con iso? Mellor sería comportarse dun





CONCELLO DE
OLEIROS

xeito máis adecuado e ofertarlle un apoio solidario e respectuoso do concello e rogar á comisión de festas de Sta. Cruz que manteña e siga adiante co seu compromiso, iso é o que desexa a veciñanza.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que en base á petición formulada solicitando información sobre o acontecido na festa de Sta. Cruz emitíuse informe polo Xefe da Policía Local e polos Axentes que estiveron presentes intentando controlar a situación e tratando de xestionar o que estaba a acontecer durante as festas.

Neste intre pregúntalle a voceira do grupo “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, si se refería ó documento de contestación ás preguntas formuladas por escrito polo seu grupo e que non firma ninguén (amosando o documento).

Segue intervindo o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que ese documento é no que se dá contestación a súas preguntas como ¿Enviou algún oficio á Delegación do Goberno?; ¿Realizou un plan de dotación de axentes da Policía Local?; ¿Retiraron vehículos por guindastre de vehículos na zona da ORA?; ¿Fixo a Policía Local informes sobre o acontecidos e persoas identificadas en Sta. Cruz? Insiste en que todo contestado polos responsables de seguridade e ó fío disto, comunica que hoxe mesmo xa foron 17 de persoas as chamadas a declarar ó Cuartel da Garda Civil polos feitos acontecidos durante as festas co obxecto de aclaralos e se cabe, tomar as medidas oportunas contra quen haxa que adoptalas e así é como hai que facelo, ten que ser a Garda Civil quen xestione isto unha vez recibidos os informes emitidos pola Policía Local.

En canto á pregunta formulada ¿Realizou a Policía Local actuacións ante o botellón que tivo lugar nas festas, por infracción da rdenanza municipal? Contestoulles a Policía Local ¿Ten a Policía Local denuncias ante posibles delitos contra a liberdade sexual? Contestoulle tamén a Policía Local; polo que non ten razón de ser a convocatoria desta sesión plenaria porque foron contestadas as preguntas formuladas polos servizos municipais e polo Xefe da Policía Local, quen redactou un informe de acordo cos diferentes informes emitidos polos Axentes neses días.

En canto ó preguntado polo Partido Popular, máis do mesmo, presentou unhas preguntas...

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a M^a **Dolores Silva**, matizándolle ó alcalde que o seu grupo non formulou preguntas, pediu documentos...

Segue contestando o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que esta petición foi contestada tamén polos servizos municipais como ¿Número de axentes que actuaron durante eses días?; ¿Efectivos dispoñibles de Protección Civil?; ¿Planes de seguridade elaborados para as festas de Dorneda, Lorbé ou Sta. Cruz?; ¿Informes emitidos pola Policía Local en canto ós incidentes acaecidos? Polo tanto, insiste en que foron contestados en base ó solicitado e pregunta á voceira do grupo “Popular” ¿Se lle contestou a todo o pedido ou non? Respondéndolle a nomeada voceira, D^a M^a **Dolores Silva**, que a todo non.

Segue coa súa intervención o alcalde, D. **Ángel García**, referíndose á pregunta formulada polo grupo “Socialista” en canto á actuación da grúa retirando vehículos aparcados diante do campo da festa e sinalando que esa rúa para a celebración da mesma córtase precisamente a petición da comisión de festas nunha xuntanza que mantiveron con representantes municipais, polo que a Policía Local actuou para deixar libre o espazo onde se celebrada a verbena. En canto á instalación do cadro eléctrico por lei, a de espectáculos de Galicia, é competencia da comisión





CONCELLO DE
OLEIROS

de festas así como subscribir un seguro de RC que tamén tiña a comisión, con ata 5 millóns de euros en caso de calquera desgraza que poida acontecer, pero no caso da instalación do cadro eléctrico non o fixeron ben.

Ó fío tamén do preguntado e interpelado, cre que ningún membro da comisión de festas que houbo nestes anos en Sta. Cruz pode dicir que desde a alcaldía púxose algunha traba para realizar as festas, porque se alguén apreza estas festividades é el dado que no seu intre viviu da música e actuaban nestes festexos. Deben existir para todos e todas, para as orquestras, para a veciñanza, para o pobo, para preservar as tradicións e felicítounos tamén en máis dunha ocasión e nunca trabas, todo o contrario, apoio en tódolos sentidos pero tódalas comisións e en concreto a de Sta. Cruz máis, traballa a reo porque instalan “chiringuitos” coa fin de recadar fondos e poder facer unhas festas maravillosas, con moitas actividades como a sardiñada, o día dos callos, todo iso ten moito traballo e moito mérito e todo para recadar o suficiente para facer uns grandes festexos para disfrute e diversión da veciñanza, polo que insiste en que ninguén nunca pode dicir que como alcalde, boicoteou as festas de Sta. Cruz.

Sobre o dito do altruismo, todos e todas coñecen o traballo que desenvolven os membros das comisións de festas e ademais con risco, porque como non recaden a ver quen paga todo logo, en calquera parroquia municipal e que teña constancia ninguén traballa nunha comisión de festas para cobrar ou gañar cartos.

Os plans de seguridade, que son unha exigencia da Xunta de Galicia, non son precisos para tódolas festas e aquí fíxose porque sabían que viña unha desas orquestras famosas ás festas de Lorbé e producíronse altercados, a pesares de ter feito un plan de seguridade, ademais houbo un altercado grave.

No que atinxe ó preguntado pola falla de efectivos na procesión de Sta. Cruz, dicirlles que produto dun suceso grave cunha rapaza acontecido o venres diante do Noa durante o “Xacobebo” cun grupo de rapaces de etnia xitana e logo estes quixeron vengarse e foron o domingo a busca a ó seu enderezo a Breixo, descoñecendo aínda como se enteraron onde vivía, e por ese motivo a patrulla da Policía Local tivo que persoarse no enderezo da rapaza e deter á persoa que estaba a ameazala, tiveron incluso que se desprazar ata o concello de Culleredo. Por este motivo non puideron atender en condicións na ida a procesión de Sta. Cruz, na que había unhas 28 persoas e non 300 como alguén dixo, para xa na volta da procesión xa estivo a patrulla porque viñera volta do outro servizo que antes sinalou, polo que non se pode desvirtuar o acontecido.

Efectivamente producíronse sucesos lamentables que non deberían terse producido, como o que lle pasou ó rapaz que traballa na panadería de Lorbé, ou ó que lle romperon a mandíbula ou ó que atracaron ás 5 da mañán á altura da estatua do Che, pero desgrazadamente de delincuentes non se está libre.

Dito isto, debe quedar claro que a actuación municipal foi correcta e ós que manifestan que o concello non fai nada polas festas populares e as comisións de festas, dicirlles que non realizan aportacións económicas pero si medios que ó final son gastos. Refírese a traballos de diferentes transportes, fontanería, retén de urxencias operativo, taboleiros, caballetes, vallas, sinalización, tarimas, retretes químicos, servizo de limpeza, etc. etc. Para Sta. Cruz un custo municipal duns 10.500 €, polo que é incerto que non se coopere, existen aspectos que son de competencia da comisión e outros apórtalos o concello e este goberno asume que os servizos municipais téñense que volcar coas diferentes comisións de festas para facilitarlles o seu traballo, son conscientes e así fano.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que non queren falar das festas de Sta. Cruz en concreto, cren que se trata dunha actividade estrutural, festas patronais, seguranza, limpeza, convivencia veciñal, contaminación acústica, mocidade sen fronteiras localistas, visión comarcal do territorio, altercados, modelo de festas, diferentes administracións con competencias na materia, descoordinación interadministrativa, mobilidade, transporte colectivo, alcohol, non existencia de ordenanzas municipais nestes eventos, improvisación, unha mocidade que superou vellas barreiras e que xa non se manexan seguindo vellos modelos localistas e que parece que os políticos están un pouco lonxe.

Entende que todas estas cuestións deberían hoxe tratarse aquí e abordalas dun xeito global e non referidas a unha festa ou evento en concreto, isto acontece noutras festas do concello ou do país e desgrazadamente, vai seguir acontecendo.

Quere clarear desde o BNG que os incidentes producidos nada teñen que ver coa comisión de festas de Sta. Cruz, agás do que se lles pode acusar é de ter organizado unhas festas de grande éxito, moi variadas e tamén moi traballadas e cre que a problemática preténdese resolver coa presenza de máis forzas de orde, Policía Local e Garda Civil, cando para o BNG desde logo non é a solución, porque cren que a solución pasa pola convivencia, de quen quere festas e dos que queren descansar e a súa seguranza é o investimento estrutural en convivencia, non queren xerar unha alarma social apelando en todo intre á seguranza.

O BNG non demandou, nin demandará nin máis condeza penal, nin máis control armado, nin máis lei mordaza, como fan o PP e o PSOE, nin incremento de presenza policial, nin máis penalización das condutas humanas, nomeadamente da mocidade.

O BNG tampouco caerá nunca na perigosa demagogia de culpabilizar a ninguén pola súa orixe étnica, racial ou de concellos veciños, como fai o alcalde; nunca caerá na oportunidade de sinalar ó que ven de fóra e máis nun contexto actual, no que a cidadanía e máis a mocidade desprázase dun lugar a outro con total normalidade, porque a mocidade ten superado obsoletos modelos exclusivos de pertenza, non é A Coruña, Oleiros, nin Oza dos Ríos.

Atribuír a organización ós cidadáns as festas ou eventos organizados pola cidadanía, sempre coñecido polas administracións, a responsabilidade sobre altercados ou violación da convivencia cidadá é inxusto, cren que é absurdo e contrario á lexislación, as competencias en seguranza pública en canto a emerxencias, protección civil, limpeza viaria, recollida do lixo, pertencen claramente ás administracións, Delegación do Goberno e Concello de Oleiros e tamén queren poñer de manifesto a inxustiza de sinalar á Policía Local, presente nas festas de Sta. Cruz, a responsabilidade única de non teren evitado os altercados, non se achan perante os homes de Harrelson, nin forzas de seguranza adicadas a controlar masas de persoas, nin antidisturbios urbanos.

O seu grupo o que pretende é falar de todas estas cuestións estruturais e fondas e non de tal ou cal festa, sen esquecer a obviedade de cando se producen incidentes un día, poderían apelar a condicións como que se viron superados, que as expectativas de afluencia e de potenciais conflitos eran moi superiores ou que se viron sobrepasados, máis cando se repiten ás poucas horas, xa se pode estar falando de descoordinación, falla de





CONCELLO DE
OLEIROS

previsión e de responsabilidades das administracións, nomeadamente das que antes sinalou, Delegación do Goberno e este Concello, para eles non existe dúbida ningunha a este respecto.

A súa pretensión sería abordar estes incidentes coas administracións dun xeito instrutivo e ollando cara ó futuro, con tranquilidade e en frío; ó contrario de cómo sempre se fai no triste Estado español, ó que se está encardinado, onde sempre se aborda a materia vencellada ás presuntas inseguranzas e incidentes en quente diante da alarma social. O BNG de Oleiros optou por non emitir ningún comunicado, non atenderon o caso nas redes sociais, non solicitaron ningún pleno extraordinario, aínda que insiste en que totalmente lícito a súa solicitude e mesmo comprensible, non emitindo nin unha soa crítica aínda que couberan, tampouco fixeron ningunha análise, non quixeron facer leña da árbore deitada, porque insiste tamén na idea de que estes temas deben abordarse desde a calma, do sosego e realizando unha análise fonda e multisectorial na procura da convivencia.

Non consideran que un pleno ‘ad hoc’ reúna as características indicadas ó non existir ese sosego e a distancia entre a petición e o acontecido, máis xa adelantaron que nos vindeiros meses solicitarán e traballarán de diversas cuestións, empezando desde hoxe mesmo onde solicitarán a elaboración dunha ordenanza municipal de contaminación acústica e no futuro máis inmediato, dunha ordenanza de convivencia, de regulación dos festexos e demais elementos lúdicos; un marco normativo que debería consensuarse coas diferentes comisións de festas e os diferentes actores privados do sector.

Achan que debe tirarse proveito do negativo, reiterando que nada ten que ver con ningunha comisión ou festa en concreta, para reconsiderar todo mesmo unha posible revisión do modelo de festas imperante e xeralizado. Dende o propio concello debería convocar ás comisións de festas para repensar si se quere continuar co modelo dominante no país ou reorientarse cara a outro modelo, que sería outra opción, entenden que se está ante unha situación que convén baixar un chanzo, dar pasos para atrás, apostando por ofertas culturais e festivas de proximidade coa parroquia, de calidade, de participación e destinadas ó crecemento persoal e ó lecer, feitas desde a intimidade por e para a veciñanza e sen atender a criterios megalómanos ou competicións absurdas por ver quen a fai mellor ou máis grande.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que lamenta que o alcalde lle oía pero que non lle escoite, porque a todo o plantexado polo seu grupo contestoulle con todo aquilo que xa se sabe e que se publicou en redes sociais ou o que lle preguntou a voceira do PSOE.

Coinciden na importancia das festas, en mantelas, no labor das comisións de festas, en todo iso están de acordo, non preguntou polos gastos e tamén pola dotación de medios para desenvolverlas, supoñen sen dúbida un aforro no gasto para as comisións, non preguntaban por iso senón pola colaboración en canto á seguridade ante os incidentes que se rematan de relatar.

Pero sobre todo, fíxolle algunhas preguntas de cara ás festas do ano que ven tendo en conta o ocorrido neste e que medidas se poden tomar para salvagardar a seguridade nas rúas e parécelle moi ben o detalle na contestación sobre o tema da procesión do ramo, pero é que non lle preguntaba sobre eses detalles, de aí que lle remata de dicir que a oeu pero non a escoitou e en canto ás preguntas remitidas non lles aclararon varias cuestións.





CONCELLO DE
OLEIROS

Por outra banda, está moi ben que lle explique que a Policía Local estivo atendendo outro suceso de carácter grave, pero o que ten que haber é medios e efectivos e tamén, podería excusar dar datos protexidos de xeito público, non cabía moito aínda que pode entender que se fixeran públicos no fragor deste debate.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, manifestando que están ante outra oportunidade perdida, recorre ó de sempre, delega responsabilidades nos funcionarios, na Policía Local, na comisión de festas, por certo que o alcalde dixo aquí que non a boicoteou, para nada, a humillou ou despezou e non é que o diga ela, porque púidose ler incluso ata na páxina web municipal, é dicir, foi público.

Poderán acontecer mil cousas, claro que sí e poñendo e tendo tódolos recursos en pro de que non pasen, como o que acontece nas festas de Lorbé, pero é que en Sta. Cruz non os había e en canto á protección de datos sr. alcalde, hai límites, leis e normas e é gravísimo o dito; tamén para os xitanos.

O alcalde contesta que non fixo nada a prol das festas de Sta. Cruz, pono no documento que lles remitiu, pon todo o que tiña que facer a comisión de festas e o que non fixo o concello pero, independentemente do que poña no escrito ¿Se pasa por Oleiros a volta ciclista, aínda que veña cunha montaxe tremenda, algo terá que facer o concello, non lle parece? Pois aplíquese o conto, non lles dea cartos, pero délles soporte, medios que non poden ter ningunha das comisións de festas, nen sequera a de Sta. Cruz que insiste, traballa a reo e moi ben.

Remata como empezou, oportunidade perdida, non escoitou ningunha disculpa, aínda está a tempo porque hai xente presente que seguro que lles gustaría escoitar unha disculpa e un compromiso cara o futuro e insiste en que Sta. Cruz non pode quedarse sen algo tan emblemático como son as súas festas, onde é un sinal de identidade para a xuventude da localidade e precisamente, por mor dese traballo e compromiso polas festas do seu pobo, así que solicita que se disculpe ante a comisión de festas de Sta. Cruz.

Pecha a quenda de intervencións o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que cara ó futuro e en canto ás festas do ano que ven, xuntaranse coas comisións de festas en conxunto ou por separado e no que atinxe a este ano e ás festas de Sta. Cruz mantivo unha xuntanza no mes de xullo para falar de varias cuestións e quere deixar claro que cumpriu con tódolos compromisos adquiridos a nivel municipal, polo que nada que dicir a ese respecto, incluso nesa reunión solicitaron que puideran rematar as verbenas máis aló das 3 da mañán, que é a hora estipulada por lei para o seu remate, e contestoulles que despois das 3 tiñan media hora para desaloxar ós últimos que quedasen no campo da festa que ó final, sempre tárdase máis en desaloxalos. Cumpriu tamén na petición de trasladar os chiringuitos á parte traseira do Parque Luis Seoane, cumpriu en todo aquilo que lle solicitaron agás o de colocar 50 WC químicos ó longo de Sta. Cruz.

Con isto o que quere apuntar é que claro que vai haber reunións coas comisións de festas para tratar as súas necesidades e a colaboración que se lles poida prestar e á petición de que se disculpe, ten que salientar que nin insultou a niguén, nin provocou unha situación para ter que facelo, dado que o único que fixo foi cooperar e ó rumor de que se puxo a vocear nunha praza, ten que dicir que non é certo porque había unha persoa da comisión de festas e díxenlle que sacasen o cableado que había na estatua a Lorca e que como non o fixeran, ía chamar ó





CONCELLO DE
OLEIROS

departamento dos servizos municipais para que o retirasen, insiste en que había unha soa persoa e a orquestra estaba a descargar os seus enseres, sobre as 17 horas e o que non se pode é mentir ou contar incertezas.

En canto o das procesións, non se preocupen que mentres poidan seguiranse celebrando porque veñen xa desde hai un século, outra cousa é que no futuro haxa alguén que leve o ramo, e insiste en que non se ten porque disculpar porque non fixo nada para elo e se cometera algún erro grave, sen dúbida que o faría porque ten a suficiente honestidade para facelo.

Non teñan dúbida de que as festas vanse seguir celebrando, este ano retomouse a de Nós e por exemplo, a sardiñada do Carmen en Mera foi o concello quen tomou a iniciativa e promoveu a súa celebración porque parecía que non se ía chegar a celebrar, pero agora o que lle gustaría é facerlles ós tres grupos da oposición unha pregunta a respecto da festa de Sta. Cruz ¿Están de acordo co xacobebo?.

Contesta a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, negando que fose o xacobebo o problema das festas deste ano porque xa leva moitas edicións e nunca pasara nada e pregunta ¿Sabe vostede que hoxe mesmo en Bastiagueiro estase a celebrar unha festa da mocidade, con música, sen estar presente a Policía Local?.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que se xunta en moitas ocasións a xuventude no fondo do Paseo de Sta. Cruz ou na Casa da Xuventude e nunca pasou nada e realiza a mesma pregunta á voceira do grupo “Socialista” sobre o xacobebo.

Responde a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, dicindo que está en contra de prohibir o xacobebo e de todo o que sexa prohibir, está a favor de regular e mellorar as actividades, porque a fórmula non é prohibir.

Contesta o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que para él o xacobebo é unha brincadeira, un nome simpático, supón que para que os rapaces que organizan as festas poidan xuntarse, botando unhas risas e acontece igual nos caneiros ou na festa vikinga, non sabe si se desvirtuou porque foise achegando máis xente, pero insiste en que o que lle parece é unha brincadeira simpática, non lle ve maior problema.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, pondo de manifestó que está comprobado por varios informes de axentes da Policía Local que había cantidade de menores de idade, incluso unha nena de 13 anos tivo que ser trasladada ó hospital e “Alternativa dos Veciños” está en contra do xacobebo e vai prohibilo, á festa apoiarana como sempre. Constan unha morea de denuncias da veciñanza denunciando o xacobebo e insiste en que non o van permitir...

Á pregunta da voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, de que si o alcalde vai pedir desculpas polo publicado na páxina web municipal, insístese polo alcalde, D. **Ángel García**, que non vai pedir desculpas por algo que non as ten que pedir e levanta a sesión, ó non haber máis asuntos que tratar, sendo as 20.34 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en catorce (14) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e prace do alcalde.

